



Expediente nº 60/2020

Procedemento: Selección de persoal de brigadas de incendios e motobomba

ACTA DE CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DE 2 XEFES DE BRIGADA DE INCENDIOS, 3 CONDUTORES DE MOTOBOMBA, 8 PEÓNS FORESTAIS (2 PEÓN CONDUTOR E 6 PEÓNS DE BRIGADA), AO ABEIRO DO CONVENIO DE INCENDIOS 2020

Reunidos no Salón de Plenos do Concello de As Nogais o 7 de xullo de 2020 ás 08:45 horas, os integrantes do Tribunal calificador, que se constitúe para valorar as probas relativas ao proceso de selección e contratación laboral temporal de dous xefes de brigada de incendios, oito peóns forestais (dous peóns forestais condutores e seis peóns forestais) e tres condutores de motobomba, ao abeiro do convenio suscrito entre o Concello de As Nogais e a Consellería de Medio Rural, da Xunta de Galicia, para levar a cabo accións de prevención e defensa contra os incendios forestais no ano 2020, e que está integrado por:

Cargo	Identidade
Presidente	Ana Belén Alba González
Secretario	Sandra Díaz Álvarez
Vogal	Severiano Daniel Vázquez Prado
Vogal	Julio López Veiga
Vogal	María José Espín Fontal

ACORDAN

Primeiro.- Constituír o Tribunal de Selección como órgano selectivo do proceso de convocatoria e probas de selección de oito peóns de brigada (2 peóns condutores e 6 peóns), dous xefes de brigada e tres condutores de motobomba por concurso-oposición.

Segundo.- Como órgano de selección de persoal, queda suxeita ás normas aplicables en materia de emprego público, concretamente o artigo 60 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e como órgano colexiado administrativo ao artigo 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e á Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Común das Administracións Públicas.

Terceiro.- A pertenza a este órgano de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación por conta de ninguén.

Cuarto.- Se se considera necesario, poderán disporse a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas, para todas ou algunha das probas, de acordo co



previsto na convocatoria. Devanditos asesores colaborarán co órgano de selección exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas.

Quinto.- Os membros da comisión permanente de selección de persoal deberán absterse cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Os aspirantes poderán recusalos cando concorra algunha das devanditas circunstancias.


Dáse por terminada a reunión ás 09:55 horas. E para que quede constancia do tratado, eu, a Secretaria, redacto a presente acta e dou fe.

Asdo. Ana Belén Alba González



Asdo. Severiano Daniel Vázquez Prado

Asdo. Julio López Veiga



Asdo. M^a José Espín Fontal

Asdo. Sandra Díaz Álvarez